



CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 7 de agosto de 2019

A SECRETARIA XERAL,

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de agosto de dous mil dezanove.
2. Proposta en relación co expediente tramitado para a adxudicación do servizo para o desbroce de maleza en carreteras provinciais. Lotes 1 a 24. Anualidade 2019-2020.
3. Proposta en relación co orzamento definitivo remitido polo director técnico da obra de emerxencia de O CORGO.- Substitución de obra de paso no P.K. 7+800 da estrada LU-P-1611 “Cinturón Comarcal”.
4. Proposta en relación cos escritos das Alcaldías de varios concellos, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.



5. Proposta en relación cos escrito da Alcaldía dos concellos de : O Páramo solicitando prórroga para a execución e xustificación de investimentos; e Samos solicitando prórroga para o prazo de execución e xustificación de Programa de fomento do emprego, incluídos no Plan Único de Cooperación cos concellos 2018.
6. Corrección erro na proposta, e polo tanto no acordo Xunta de Goberno de data 31 decembro de 2018, relativo á contratación da obra de TRABADA.- Adaptación da cociña da Residencia e Centro de Día.
7. Proposta de aprobación, se procede, dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas e o expediente para a contratación por lotes do servizo de control de calidade das obras e servizos desta Deputación Provincial.
8. Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da subministración de doce vehículos (nove comerciais e tres todo camiño) para o Parque Móbil Provincial.
9. Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da subministración de papel para Reprografía con destino a esta Deputación Provincial.
10. Aprobación, se procede, de Plans de Seguridade e Saúde no Traballo.
11. Proposta de rectificación e complemento de acordo da Xunta de Goberno como resultado da reclamación de particulares comparecentes en expediente expropiatorio.
12. Proposta de declaración da perda do dereito ao cobramento total de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2018.
13. Proposta de nomeamento de representante da Deputación Provincial na Fundación Galicia Obra Social.
14. Proposta de aprobación, se procede, da convocatoria para a constitución/incorporación de ATS á listaxe vixente.



15. Proposta de desestimación da solicitude de Don Fernando Planas Roca de prolongación do servizo activo despois de cumprir a idade ordinaria de xubilación.
16. Conta do informe interpretativo, da Secretaría Xeral, de certos artigos do vixente Regulamento Orgánico.
17. Comunicaci3ns da Presidencia.
18. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.